



## COMPOSTELA ABERTA FRONTE AS ELECCIÓNS XERAIS DO 28 DE ABRIL

Compostela Aberta é unha proposta colectiva que, desde os seus inicios en setembro de 2014, tense definido sempre como un proceso político-social de confluencia. A nosa acción política tense destacado, sempre, pola mestizaxe, a xenerosidade e a capacidade de integración de todas as sensibilidades da unidade popular.

Somos un **proxecto político netamente municipalista** que desde maio de 2015 está a conseguir transformar a realidade da nosa cidade. Isto tradúcese na consideración de Compostela Aberta como exemplo e **ferramenta útil para o impulso de políticas transformadoras** na sociedade, algo que é recoñecido por todos os axentes políticos da confluencia.

Sendo conscientes de que as necesidades e demandas sociais non se poden resolver, única e exclusivamente, desde o ámbito local, témonos implicado na construción de alternativas de ámbito nacional. Partindo das mesmas premisas políticas que Compostela Aberta, procuramos que estas alternativas fosen igualmente proveitosas para afrontar os desafíos que tiñamos e, aínda, temos por diante na busca da xustiza social e a defensa do ben común.

As eleccións xerais, deste 28 de abril, chegan nun **momento crucial** para definir o campo da acción política do futuro próximo. Temos por diante a escolla da saída que vai ter a crise do Réxime do 78, pola extrema-dereita cun tripartito que procurará retroceder décadas derrubando as principais conquistas sociais e democráticas, ou pola esquerda na procura dun horizonte constituínte que permita progresar e asentar unha democracia avanzada, fraterna e de valores republicanos.

Diante deste repto, **a nosa aposta continúa a ser a da unidade** para ser capaces de representar os intereses da xente do común con máis forza e con renovada capacidade de aglutinar vontades. Desbotando as dinámicas competitivas de confrontación interna e partindo da experiencia política acumulada, MANIFESTAMOS:

1. A necesidade do destaque e **defensa do municipalismo como exemplo de confluencia** e recoñecemento das diferentes identidades políticas. Nos municipios onde fomos capaces de construír ferramentas plurais e mestizas, constituíndo forzas abertas pero compactas, estase a demostrar que outra forma de gobernar a prol da cidadanía é posible.

2. A unidade popular ten que exercerse desde a **corresponsabilidade das partes** que a conforman e, partindo diso, reforzar o conxunto. Unidade non significa uniformidade, a pluralidade interna enriquecéenos, mais para sermos de utilidade é imprescindible colocar o foco no que nos une e sermos quen de confluír, cooperar e construír dentro dunha proposta común, amplo e aberta.
3. É imprescindible **reforzar o suxeito político galego** a partir da definición duns obxectivos comúns que sumen e multipliquen. O recoñecemento deste suxeito nacional galego significa un encadramento natural que, dende a súa propia soberanía, pode procurar complicitades no ámbito estatal.
4. Compre **diferenciar entre o formato legal do suxeito e a articulación** do espazo da unidade popular, que non sempre teñen que coincidir. A articulación do espazo precisa de fórmulas inclusivas e representativas da pluralidade do espazo.

E atendendo a todo o anterior ACORDAMOS:

- **Compostela Aberta desexa e dará apoio a unha candidatura galega única de unidade popular** que sexa representativa do conxunto do espazo. Consideramos que é o momento da xenerosidade de todas as partes mais, en todo caso, o noso proxecto non aspira a facer parte, do punto de vista legal, da candidatura.
- No caso de que a candidatura de unidade non sexa posible, **Compostela Aberta manterá a súa independencia fronte ás hipotéticas e diferentes propostas**. Entendendo que os nosos representantes institucionais e orgánicos, así como **o conxunto das persoas inscritas, terán liberdade para apoiar a opción electoral que consideren**.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2019